



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903  
Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Expediente administrativo núm. 2025/G010/000007**  
**asunto: convocatoria Pleno ordinario**

#### **CONVOCATORIA**

Pola presente, consonte ó establecido nos artigos 41.4 e 80 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo RD 2568/1986, de 28 de novembro, convócase aos/ás concelleiros/as da Corporación para que asistan á sesión ordinaria, que vai celebrar o Pleno da Corporación o vindeiro **xoves día 31 de xullo de 2025, ás 20:00 horas** no Salón de Sesións da Casa Consistorial, segundo a seguinte:

#### **ORDE DO DÍA**

##### **A) PARTE RESOLUTIVA**

1. Aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores de datas: 29/05/2025 e 20/06/2025. Expte. núm. 2025/G006/000022.
2. Aprobación do Expediente núm. 2025/X998/000191 sobre convalidación da omisión da función interventora do expediente OFI 14/2025.
3. Aprobación dos festivos locais para 2026. Expte. núm. 2025/X999/000042.
4. Adhesión ó novo Convenio de prestación mutua de solucións básicas de administración dixital. Expte. núm. 2025/A006/000006.
5. Aprobación da solicitude de subvención nominativa para a obra de acondicionamento da senda peonil entre a DP-4001 e o Campo da Torre, Laxe. Expte. núm. 2025/A007/000001.
6. Ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 243/2025, do 02/04/2025, en canto á adhesión ao Convenio de colaboración “La Administración cerca de ti”. Expte. núm. 2025/A006/000003.

##### **B) PARTE DE CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

7. Mocións dos Grupos Municipais:
  - 7.1. Moción que presenta o BNG para a defensa do sistema público de atención á dependencia e a mellora do servizo de axuda no fogar (SAF). Expte. núm. 2025/G006/000024.
  - 7.2. Mocións que presenta o BNG para instar ó Goberno Galego a adoptar con urxencia as medidas necesarias para restablecer o réxime hidrolóxico natural do conxunto Lagoa-Dunas de Traba. Expte. núm. 2025/G006/000024.
8. Dación conta decretos de Alcaldía. Expte. núm. 2025/G006/000023.
9. Dación conta do PMP do 2º trimestre 2025. Expte. núm. 2025/X998/000086.
10. Asuntos de urxencia.
11. Rogos e preguntas.

A documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, atópase a súa disposición dende o mesmo día da convocatoria na Secretaría do concello.

Mándoo e asínoo en Laxe o 28 de xullo de 2025

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora, Begoña Carrasco García